



ANABEL COLAZO

DEBUXANTE DE CÓMIC
E ILUSTRADORA

"Se tivera que escoller un elemento que caracterice todas as miñas obras diría que en todas se presenta unha aparente normalidade que se racha con elementos paranormais e estráños".

"O proxecto que me ocupa os últimos meses é un cómic de temática fantástica co que gañei a bolsa para a residencia de novela gráfica Maison des Auteurs d'Angouleme".



BIBLIOTECAS
municipais

Nacín en Ibiza o 23 de marzo de 1993, alí vivín dezaoito anos até que marchei estudar Belas Artes na Universidade Politécnica de Valencia. A miña decisión de estudar Belas Artes naceu do medo a arrepentirme por non facelo, a pesar de non cursar bacharelato artístico. A medida que medraba interesábase cada vez máis por debuxar e contar historias, así que o paso natural era entrar na UPV, que ten unha variedade moi grande de materias que cursar, incluíndo animación e cómic.

O que máis lin sempre foi manga, e segue a ser así. Citaría a Fumiyo Kouno e Taiyou Matsumoto como dúas grandes influencias para min, xunto a Michael DeForge. Tamén é un referente na ilustración Tillie Walden e, xunto con Fumiyo, as dúas están publicadas en España.



"Se tivera que escoller un elemento que caracterice a todas as miñas obras diría que en todas se presenta unha aparente normalidade que se racha con elementos paranormais e estraños". Na imaxe de esquerda a dereita, "No mires atrás" e "Encuentros Cercanos", de Ediciones La Cúpula, "El cristal imposible" de DEHAVILLAND e a portada da revista valenciana "Xiulit" na que Anabel colaborou neste número 37 cun cómic.

A EXPERIENCIA DA RESIDENCIA NA MAISON DES AUTEURS ANGOULEME 2019-2020

Resúltame estraño pensar nesta experiencia como algo agridoce, pois levaba querendo vivila moitos anos, pero a metade dos meus meses de residencia foron en confinamento no piso e sen poder traballar no estudio. Pola contra, os tres primeiros meses foron fantásticos, coñecín

moitos autores en circunstancias parellas á miña que apenas acababan de comezar a publicar cómic, e isto motivoume moiísimo. Tamén puiden presentar a edición francesa de "No mires atrás" no festival, que é o único evento no que puiden ensinar o meu novo cómic e o último ao que puiden ir até o de agora.



"Fixen un cartel de animación á lectura de cómic para a Rede de Bibliotecas de Cataluña que é un dos traballos que más me gusta, xunto ao cartel do Festival de Literatura Europea Cognac 2020, que desafortunadamente tivo que ser cancelado".

PETISCOS PARA RECOMENDAR

- UN FILME: Chungking Express (Wong Kar Wai)
- UN LIBRO: Una órbita cerrada y compartida (Becky Chambers)
- UN FANZINE: Amorcito #1 (coordinado por Luis Yang)
- UNHA CANCIÓN: diría un disco, Loveless de My Bloody Valentine
- UN LUGAR: diría un videoxogo, Zelda Breath of the Wild
- UNHA INQUEDANZA: diría un videoxogo, Final fantasy 7
- UNHA COMIDA: diría un videoxogo, Wilmot's Warehouse
- UN DESEXO: diría un videoxogo, Night in the Woods
- UN PECADO: diría un videoxogo, Minecraft